

A riqueza léxica e fraseolóxica, unha xoia en por si (Arteixo, 14-6-2013)

Quérolle agradecer ao autor a miña presenza neste acto, que seguramente sexa debida a ser eu o primeiro lector desta “inmensa” obra, e polo tanto un dos primeiros coñecedores desta nova faceta de meu tío, Xosé María Lema. Debeu ser contra finais do ano 2007 cando me confesou que estaba a escribir unha novela, e que de feito era algo ao que xa lle viña dando voltas desde había moitos anos, pero que agora se estaba poñendo en serio con ela. Díxome se me importaba que lle dese a miña opinión sobre o que escribira e que lle fose corrixindo aquilo que considerase que estaba mal ou que se podía mellorar.

A experiencia de ser o primeiro lector (e corrector)

Aceptei encantado a súa proposta e entón díxome que ma iría mandando en bloques de dous ou tres capítulos. E entón eu pregunteille: “¿e logo cantos capítulos ten?”- “Uuuui!, aínda non o sei ben, pero xa che digo que é unha novela longa. Iso si, antes de empezar podes ir botándolle un ollo a *A Illa do Tesouro*, a novela de aventuras de Stevenson, para poñerte en antecedentes”.

Durante un espazo de máis ou menos dous anos, estívome mandando os capítulos, os 76 que compuxeron ao final a obra, e que eu ía lendo, anotando, corrixindo e aconsellando segundo o meu ver. Abofé que era longa, pero un capítulo chamaba polo vindeiro, e ao final xa case sentín mágoa que a historia acabase.

Axiña un se decata que o seu interese en que lese *A illa do tesouro* era debido a que ese é **o punto de partida** desta novela. A viaxe de volta cara a Inglaterra dos protagonistas da obra de Stevenson, logo de facerse co preciado tesouro, non foi tan tranquila como o famoso escritor inglés nos quixo facer ver. Porque nesa viaxe o barco *Hispaniola* tivo que pasar polas costas galegas, e o que aquí aconteceu descóbrenolo agora Xosé M^a Lema a través da narración que fan dous dos tripulantes desta goleta: o doutor Livesey e o grumete Jim Hawkins.

E aquí comeza a grande aventura que van vivir os personaxes desta novela. Uns personaxes que forman **un claro triángulo**: os tripulantes da goleta inglesa, os habitantes das aldeas galegas da costa e os corsarios dunha clandestina *confraría* coruñesa chamada da Man Morta. Os protagonistas de cada un destes vértices vanse relacionando os uns cos outros e mesmo con outros personaxes secundarios que se cruzan nos seus camiños.

Xa se ten referido máis dun crítico ao **escaso maniqueísmo** con que trata o autor aos seus personaxes, pois esta non é unha historia de bos contra malos, senón que en cada un deses grupos hainos bos, menos bos e malos-malísimos. Son os poboadores da costa, da Costa do Solpor, os que nos ofrecen unha maior variedade e proximidade; neles rexístranse as distintas clases sociais da Galicia do século XVIII, desde a fidalguía e o clero (co sobranceiro personaxe do Crego Sabio), ata as clases máis baixas: mariñeiros, labregos rendeiros, amas de cría, meigas etc. etc., e entre eles un dos protagonistas da obra, o afouto pegureiro Chavián.

Reflicte o autor **unha sociedade rural** consonte á realidade da época, en xeral moi pobre, tanto economicamente como de espírito, que acepta sen máis a vida que lle tocou vivir, ben encarnada nos habitantes da “vila sumisa”, á que se vai opoñer con forza unha mocidade desexosa de liberdades, que se ergue contra o poder establecido, que se ergue contra o medo, guiados sempre polo Crego Sabio.

Barcos en corso no porto da Coruña

Se atendemos a outro dos vértices dese triángulo, atopamos entre o mundo dos corsarios unha tipoloxía diversa de clases e nacionalidades. Empezando pola **burguesía** castelá (e doutras nacionalidades) que se asenta na **Coruña** e que domina o que hoxe chamariamos “mercado negro”, **con barcos en corso** que neste caso mesturan unha tripulación formada por galegos e bretóns, ou máis concretamente maluínos, habitantes da cidade corsaria por excelencia, Saint-Malo. Un maluíno, René de Saint-Syr, será o contrapunto malvado e sanguinario da historia, membro executor da Confraría da Man Morta, a entidade secreta que agocha estes corsarios, estende a súa gadoupa por toda a Costa do Solpor, dominando os infelices habitantes das aldeas mariñeiras.

A Costa do Solpor, ou do Solposto, nomes dos que gusta o autor para referirse á que a comezos do século XX deron en denominar Costa da Morte. A Costa do Solpor, digo, **é tamén outra das protagonistas da novela**. O espazo físico xoga un papel importante no desenvolvemento da acción.

Sostén o crítico **Xosé Manuel Eyré** que só alguén coma Xosé M^a Lema, que coñece tan ben este territorio, podería escribir esta novela, pois o propio medio natural desta Costa é tamén protagonista. Moitos dos personaxes, accións e lugares que aquí vemos **son reais**, e están perfectamente encadrados no tempo no que transcorre a acción novelesca, **outros foron inventados ou adaptados** dentro dun mundo que o autor coñece á perfección.

A chegada forzosa da goleta ás costas de Fisterra, na que ten que ser reparada, marca o punto de partida do **percorrido que o autor fai pola nosa beiramar**. O mar de Fóra fisterrán, os cantís que bordean o faro de Touriñán, a presenza do maxestoso Vilán, a enseada de Trece, o monte Branco, van ser algúns dos escenarios nos que transcorra boa parte da novela. Tamén se achega ás terras do interior a través dunha viaxe que se fai desde Corcubión, pasando por Vilar de Toba ou Baio, para chegar á Coruña. Unha cidade que no momento empezaba a desenvolver unha actividade comercial, co florecemento dunha burguesía que se asentou aquí procedente fundamentalmente de Castela ou de Cataluña, pero tamén foron varios os franceses que viron neste privilexiado enclave o lugar ideal no que progresar economicamente. A través do personaxe do enmascarado da cabeza de pera, fai o autor un interesante percorrido polo que sería A Coruña do século XVIII.

É tan importante o espazo físico na obra, que o académico **Ferro Ruibal**, na presentación que desta novela fixo en Santiago, suxeriu **facер unha ruta** polos distintos lugares nos que se desenvolve, e parece que a propia editorial recolleu con agrado a idea e vai facer un percorrido para o vindeiro verán.

Neste **roteiro Costa do Solpor** poderemos imaxinar as aventuras que tiveron que pasar os protagonistas do libro, porque o que temos diante de nós é iso, unha novela de aventuras, herdeira como dixemos d’A *Illa do Tesouro*, e a desenfreada acción que adquiren os acontecementos fai que pasen as páxinas sen nos decatarmos. Distribuída a obra en capítulos, á imaxe das novelas decimonónicas, permítenlle ao autor crear constantes microclímax, que nos van ir levando aos poucos cara á resolución final da aventura.

Adheridas á aventura, van xurdindo **outras temáticas** menores, pero non por iso sen importancia: o amor, as supersticións, as lendas... Como se pode desprender do xa dito, **a realidade histórica** ten moito peso específico no texto, son moitos os feitos que sucederon verdadeiramente no momento e lugar no que está encadrada a obra, e outros

que foron inventados ou axeitados non desmerecen dos reais, por canto o autor é amplo coñecedor deste mundo. Por se fose pouco, unha serie de notas a rodapé e un anexo final completan todo canto o lector debe saber para integrarse por completo na historia.

A riqueza léxica e fraseolóxica, unha xoia

Quería subliñar un aspecto moi importante que para min ten esta novela, como é a lingua. **A riqueza que presenta o léxico** que utiliza Xosé M^a Lema está moi lonxe do que adoitan empregar os autores de hoxe en día, sen entrar no completo vocabulario mariñeiro que sorprende axiña ao lector. **A variedade e complexidade da fraseoloxía** e expresións usadas polos personaxes, o adobío que lle dan as coplas populares ou as lendas, a valentía de usar a lingua fisterrá nos personaxes naturais desta zona, sen distinción de clases sociais, é dicir falan igual os máis pobres ca os fidalgos, fan que a simplemente a lingua de *Costa do Solpor* sexa **unha xoia en por si**.

Non me vou alongar máis. Só vos quero dicir que non lles teñades medo ás súas máis de seiscentas páxinas porque pouco a pouco vos vai ir enganando. E senón, facede como tiveren que facer eu, ide lendo de a dous ou tres capítulos e así havos de render máis.

[Texto lido na presentación da librería *Á lus do candil*, Arteixo, aínda que o seu autor tamén intervira na presentación de Baio; Xosé M^a Rei Lema, filólogo, é asesor lingüístico de series da TVG; foi o primeiro lector da novela, cando aínda se estaba escribindo]